

**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA**

Casa Martelo. R/ Franxa, 14

15001 A Coruña

Tlf.: 981 080 111.

email: conservatorio.danza@dacoruna.gal

## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**CURSO 2019/2020**

**Criterios de avaliación: COREOGRAFÍA**

### 6 º GRAO PROFESIONAL

Realizar improvisacións libres sobre temas diversos. O alumnado utilizará os cambios de enerxía e dinámica para lograr acelerar ou desacelerar o movemento, creará diferencias de densidade no espazo coa finalidade de facer a súa proposta de movemento máis atractiva, e así lograr maior ou menor dramatismo sen que caia o interese no seu traballo.

Terá moito valor a orixinalidade e a imaxinación na creación, tanto nas improvisacións como nas frases curtas e as miniaturas coreográficas.

Capacidade de síntese no movemento.

Claridade nas ideas e o desenvolvemento das mesmas, así como a súa execución.

Capacidade para crear coreografías tanto só como en parella ou grupo.

Coñecer e saber utilizar o espazo, os seus puntos fortes e débiles, diagonais, punto de intimidade e a súa relación co tempo, presente e futuro na escena.

Improvisar e crear frases coreográficas utilizando elementos básicos do cubo de Laban.